



[TABLA DE ERROS](#)

Lugar do erro	Descrición
Apartado de titulación 'Otra información del Centro'	Erro de PHP [Warning, script: /var/www/seix/docnet_2.2b/lib/mpdf/mpdf.php, liña: 8511]: fopen(http://www.uvigo.es/opencms/export/sites/uvigo/uvigo_gl/IMAXES/centros/fho/10169084_10203674752333350_1833154243_n-2.jpg_1827634472.jpg): failed to open stream: HTTP request failed! HTTP/1.1 404 Not Found
Apartado de titulación 'Otra información del Centro'	Erro de PHP [Warning, script: /var/www/seix/docnet_2.2b/lib/mpdf/mpdf.php, liña: 8517]: fopen(http://www.uvigo.es/opencms/export/sites/uvigo/uvigo_gl/IMAXES/centros/fho/10169084_10203674752333350_1833154243_n-2.jpg_1827634472.jpg): failed to open stream: HTTP request failed! HTTP/1.1 404 Not Found

Facultad de Historia

Presentación

Presentación

A Facultade de Historia da Universidade de Vigo, sita no Campus Universitario de Ourense, oferta tres titulacións adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES): un Grao e dous Posgraos.

Ademais está en proceso de extinción a titulación de Licenciatura en Historia, tamén en liña cos criterios de referencia do EEES. Xa non se imparte docencia, aínda que no curso 2015-16 pódense realizar os exames correspondentes ao 5º curso.

Xunto á habitual **modalidade presencial**, poderase optar pola modalidade semipresencial, sempre que se xustifique a imposibilidade de asistir con regularidade ás aulas; os motivos deben estar en relación con obrigas de carácter laboral, familiar, atención a persoas dependentes, actividades deportivas de alto nivel, necesidades educativas especiais. O proceso para acollerse a esta modalidade terá lugar unha vez formalizada a matrícula; estudante debe cubrir un impreso coa solicitude e entregar a documentación xustificativa.

Os docentes poñerán a disposición destes estudantes o material preciso a través da plataforma de teledocencia e os medios para superar as materias do grao, en igualdade de condicións que os presenciais.

A oferta de **Posgrao** contempla dúas titulacións:

Máster Interuniversitario en
Arqueoloxía e
Ciencias da Antigüidade

MÁSTER EN VALORACIÓN,
XESTIÓN E PROTECCIÓN DO
PATRIMONIO CULTURAL
Universidade de Vigo
HTCO₃

USC
Universidade de Vigo
CSIC
incipit

- **Mestrado semipresencial en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio**, en colaboración coa Escola Superior de Enxeñaría de Minas do campus de Vigo e a Escola Superior de Conservación-Restauración de Bens Culturais de Pontevedra.
- Mestrado Interuniversitario de Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade (USC y U Vigo) **coa participación do Instituto de Ciencias do Patrimonio (Incipit) do CSIC**. O seu programa ten unha dobre orientación: profesionalizante e investigadora. Na súa primeira vertente, aspira a formar arqueólogos que poidan desenvolver a súa labr profesional neste campo nos próximos anos; na segunda, dá paso ao programa de doutoramento da USC "Historia, Xeografía e Arte".

Neste documento:

- Localización
- Normativa e Lexislación
- Servizos e Infraestruturas do Centro
- Outra Información do Centro
- Calendario Académico
- Información de Interese

Información básica



O título de Grao en Xeografía e Historia proporciona ao alumno unha serie de competencias que integran un nivel de coñecementos (saber), de capacitación en habilidades e destrezas (saber facer) e o de formación en actitudes e valores (saber ser e estar). Na liña doutras titulacións recoñecidas nas universidades europeas, ao englobar contidos das disciplinas de Xeografía, Historia e Historia da arte, a oferta da nosa Facultade pode dotar ao alumno dunha serie ampla de competencias específicas.

Grao Xeografía e Historia (Plano 2014/15)

Grao Xeografía e Historia (Plano 2009/10)

Destaca o **carácter humanístico** das disciplinas cunha longa e consolidada traxectoria académica e universitaria, e a súa capacidade para coñecer a orixe e a evolución de moitas das realidades culturais do noso tempo. En conxunto ofertamos unha formación básica en contidos interdisciplinares relativos ao coñecemento da estrutura diacrónica do pasado, do coordenadas espazo-temporais, interrelacionadas coas xeográficas e artísticas.

A formación inclúe ámbitos temáticos e territoriais específicos e contidos instrumentais, a través das **prácticas** que os nosos estudantes realizan en diversas institucións e empresas. O coñecemento do noso pasado permite achegarse as ferramentas analíticas e conceptuais que a súa vez incitan á reflexión, á crítica e ao respecto pola diversidade e a alteridade; en definitiva o coñecemento doutras realidades, moi variadas fomenta os valores humanos e achega principios éticos tan necesarios na sociedade actual.

O carácter multidisciplinar e polivalente dos estudos (Historia, Arte e Xeografía) capacita para un **amplo abanico de saídas profesionais** aos seus egresados, que resultan tan competitivos como os especializados nunha soa das disciplinas humanísticas, tendo en conta da cada vez maior flexibilidade do actual mercado laboral entre titulacións e postos de traballo. Os servizos educativos, os servizos da administración, os medios de comunicación, os centros de educación superior e secundaria, e un longo espectro de institucións e empresas, proporcionan un marco para desempeño de actividades relacionadas co perfil formativo do grao, preparando para unha gran variedade de actividades.

Ademais, a riqueza histórica, artística, arqueolóxica e natural proporciona unha estreita relación entre os estudos universitarios e o mercado laboral, abrindo unha nova vía de profesionalización ante a crecente consideración do legado cultural herdado como recurso dotado de valor económico ou produtivo. A demanda e saídas profesionais no terreo da conservación, protección, xestión e difusión do patrimonio e o resto de actividades relacionadas co turismo cultural abren un amplo horizonte á saída profesional dos futuros graduados, que poden nesa liña especializarse no máster que este curso ofertamos por primeira vez.



Co obxectivo de dar resposta á demanda social de diferentes profesionais, e aos futuros graduados posibilitábase unha continuación académica coherente coa posta en marcha de dous Másteres: Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio.



Unha situación similar presenta o **Máster de Arqueoloxía e Ciencias da Antigüedad** orientado á especialización en arqueoloxía.


Guía de Acolida 2015-16



Calendario Académico 2015-16



Organización y funcionamiento del centro



Facultade de Historia
Universidade de Vigo

Organos de Goberno

- Decanato
- Xunta de Facultade
- Comisión Permanente da Facultade
- Comisión de Calidade
- Departamentode Historia, Arte e Xeografía

Equipo de Goberno

- Decana:

Profa. Dra. Susana Reboreda Morillo

Tfno.: 988 38 72 69

dfho@uvigo.es

- Vicedecana:

Profa. Dra. Beatriz Comendador Rey

Tfno : 988 38 71 04

beacomendador@uvigo.es


- Secretaria:

Dna . María del Carmen Arribas Álvarez

Tfno.: 988 38 72 00

sfho@uvigo.es

Normativa y Legislación





Facultade de Historia
Universidade de Vigo


Normativa xeral das Universidades

Normativa específica da Universidade de Vigo

Normativas da Facultade de Historia

- Regulamento Rexime Interno da Facultade de Historia
- Regulamento para a elaboración dos horarios docentes e a planificación de ocupación de espazos na Facultade de Historia de Ourense
- Regulamento de Prácticas Externas 
- Regulamento do Traballo de Fin de Grao 

Servicios e Infraestructuras del Centro



Facultade de Historia
Universidade de Vigo

CAMPUS NORTE

A actividade se articula en 3 edificios:

- Edificio Facultades (máis coñecido como Edificio de Ferro)
- Pavillón Olga Gallego (2)
- Pavillón Concepción Ramón Amat (1)

O EDIFICIO FACULTADES

Acceso

- Conserxería
- Aulas

1º andar

- Secretaría Administrativa da Facultade
- Aula de Informática
- Delegación de Alumnos

2º andar

- Laboratorios docentes: Arqueoloxía, Historia da Arte, Xeografía, Historia Medieval
- Aulas

4º andar

- Vicerreitoría do Campus de Ourense
- Decanato
- Salón de Graos

DISTRIBUCIÓN DE AULAS DE HISTORIA - EDIFICIO DE FERRO- CURSO 2015-16

CURSO AULA HORARIO

- 1º Grao 0.5 mañá e tarde (Planta Baixa)
- 2º Grao 0.6 mañá e tarde (Planta Baixa)
- 3º Grao 0.7 mañá e tarde (Planta Baixa)
- 4º Grao 0.7 mañá e tarde (Planta baixa)
- Aula de videoconferencia/máster: 2.3 (2º andar)
- Prácticas 1º Grao. Grupo 1, 0.5; Grupo 2, 2.2 (2º andar)
- Prácticas 2º Grao. Grupo 1, 0.6, Grupo 2, 2.3 (2º andar)

PAVILLÓN OLGA GALLEGO (2)

- Despachos dos/as profesores/as (1º andar e soto)
- Laboratorio de Prehistoria, Historia Antigua, Historia Moderna, Historia Contemporánea e Historia de América (soto)

PAVILLÓN CONCEPCION RAMÓN AMAT (1)

- Secretaría do Departamento de Historia, Arte e Xeografía: (1º andar)
- Aula de Máster
- Sala de exposicións ALTERARTE (planta baixa)

DISTRIBUCIÓN DE LABORATORIOS DE HISTORIA - CURSO 2015-16

DENOMINACIÓN LOCALIZACIÓN EDIFICIO

- Laboratorio de Informática PRIMEIRO ANDAR FERRO
- Laboratorio de Xeografía SEGUNDO ANDAR FERRO
- Laboratorio de Arqueoloxía SEGUNDO ANDAR FERRO
- Laboratorio de Historia Medieval SEGUNDO ANDAR FERRO
- Laboratorio de Prehistoria e Historia Antiga SOTO PAVILLÓN 2
- Laboratorio de Historia Moderna e Contemporánea SOTO PAVILLÓN 2

PLATAFORMA DE TELEDOCENCIA (<http://fatic.uvigo.es>)

- Curso virtual do Grao en Xeografía e Historia
- Curso virtual do Máster en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

Manual Primeiros Pasos na plataforma Moodle



Calendario Académico



Pódese acceder ao calendario, horarios e datas de exámenes na web do centro.



Otra información del Centro




Plan de Autoprotección Universidade de Vigo.


Actuación en caso de Emerxencia Edificio de Ferro



Plan 1



Plan 2



Delegación de alumnos

Funcións


É o órgano de representación estudiantil institucional que se ten artellado na Facultade de Historia.

Todos os alumnos/as poden acudir á sede da Delegación para obter información e facer uso dos seus recursos. Para cubrir as súas necesidades a Delegación ten un orzamento proporcional ao número de alumnos/as que representa. Segundo o Regulamento de Estudantes no artigo 27, entre os fins da Delegación de alumnos está:

- Actuar como órganos de diálogo coas autoridades académicas no establecemento dunha información adecuada sobre a vida universitaria.
- Xestionar os seus recursos.
- Promover e coordinar actividades de extensión universitaria.

- Elixi-los seus representantes perante calquera autoridade, institución ou organización, naqueles casos para os que non exista regulamento de elección.

Actuais Representantes (Marzo 2014)

- 
 - Cid Narvaez, Daniel
 - Coello Fernández, M^a de los Angeles
 - Gómez Manso, Belén
 - Morodo del Río, Jose
 - Real López, Arturo
 - Morenza Arias, David
 - Sánchez Díaz, Roi
 - Díaz Alonso, Xoel
- **Representante no Claustro**
 - Fernández Alvarado, Hadrián

Localización

Edificio Facultades. 1^º Andar

Tfno: 988 38 73 05

E-mail: dafho@uvigo.es

Normativa

- Regulamento Estudantes
- Estatuto Estudantado (BOE 31/01/2010)
- Normativa de Permanencia da Universidade de Vigo
- Regulamento de Voluntariado
- Plan de Acción Titorial Outra información de interese para o alumnado
 - Actividades culturais

Información de Interés



ESTUDAR EN OURENSE

- [Estudar na Universidade de Vigo](#)
- Guía turística de Ourense
- Aloxamento en Ourense
- Hoteis e Hostais
- Pisos compartidos. Contactar coa ORI.
- Información para o alumnado da Universidade de Vigo:
- Alumnado da Universidade de Vigo

CONTACTOS INTERESE UNIVERSIDADE DE VIGO

Páxina web:

<http://www.uvigo.es/>

Central: 986 81 20 00

Información Xeral: 986 81 36 00

Información ao alumnado: 986 81 36 30

Rexistro xeral da universidade: 986 81 39 02

Rexistro do Campus de Vigo: 986 81 36 10

Rexistro do Campus de Orense: 988 38 71 03

Xerencia: 986 81 35 60. xerencia@uvigo.es

Consello Social: 986 81 26 63 secoso@uvigo.es

Tribunal de Garantías: 986 81 38 30. tgarant@uvigo.es

Gabinete de prensa: 986 81 36 04. gprensa@uvigo.es

SIOPE.: 986 81 36 30 /37 55. siope@uvigo.es

Oficina Osix de Vigo: 986 81 40 60. ofix@uvigo.es

Oficina Osix de Orense: 988 38 71 71. ofixuo@uvigo.es

AREA DE SERVIZOS Á COMUNIDADE

Servizo de información, orientación e promoción (SIOPE):

986 80 19 49 / 55. siope-po@uvigo.es

Actividades culturais: 986 81 36 03/ 26. vicext@uvigo.es

Actividades deportivas: 986 81 21 82 / 986 81 22 04; deportes@uvigo.es

Servizo de alumnado: 986 81 36 0 /09 xsadal@uvigo.es

LERD de Vigo: 986 81 37 71 / 72

LERD de Orense: 988 38 71 02

Bolsas: 986 81 19 99 / 813 612. bolsas@uvigo.es

Títulos e plans de estudo: 986 81 36 35 / 3632

Asesoría Xurídica: 986 81 35 76

Oficina de I D: 986 81 22 36. otri@uvigo.es

Oficina ORI: 986 81 21 78 / 986 81 35 50 ; ori@uvigo.es

CACTI: 986 81 21 18

Oficina do Medio Ambiente (OMA): 986 81 38 83; oma3@uvigo.es

Oficina Ofoe: 902 366 994 Correo electrónico: ofoe@uvigo.es

Oficina Ofie: 986 81 40 86 Correo electrónico: ofie@uvigo.es

BIBLIOTECA DO CAMPUS DE OURENSE

Presente fisicamente nos tres campus, a Biblioteca Universitaria conta en cada un deles cunha biblioteca central e varias salas repartidas polas escolas e facultades que compoñen a Universidade.

A Bilioteca Central do Campus de Ourense, fundada no ano 2000, conta cun fondo de uns 100.000 libros e unhas 750

publicacións periódicas divididas en diferentes temas como son a xeografía, historia, arte, dereito e química.

Servizos que ofrece:

- Préstamo interbibliotecario a nivel nacional e internacional.
- Préstamo para alumnos, PDI e PAS.
- Información bibliográfica, búsquedas e referencias bibliográficas.
- Catálogo automatizado e colectivo de publicacións periódicas (a nivel nacional).

Contacto:

Conserxería (988 387 320) - conbco@uvigo.es; Préstamo (988 387 192) - presour@uvigo.es

Dirección (988 387 191) - dirbco@uvigo.es; Administración (988 387 158) - admibco@uvigo.es

Subdirección hemeroteca (988 387 230) - subdhbco@uvigo.es; Subdirección adquisicións (988 387 285) - subdrbco@uvigo.es

Hemeroteca (988 387 322) - hembco@uvigo.es

Campus As Lagoas - 32004 - Ourense

Horario de atención ao público: De luns a venres de 8:30h a 21:00h

Acceso ao Catálogo da Biblioteca

CONTA DE CORREO ELECTRÓNICO DA UNIVERSIDADE DE VIGO

- Basta con estar matriculado na Universidade e dispor do cartón universitario.
- No momento de formalizar a matrícula créase unha conta de correo cun nome de usuario e coa extensión alumnos.uvigo.es
- Con ese nome de usuario e esa clave tamén poderás acceder á rede WIFI. Todas as instalacións da Universidade de Vigo teñen acceso a internet por rede WIFI
- <http://www.uvigo.es>

CARNET UNIVERSITARIO

O Carné Universitario é unha tarxeta intelixente realizada en colaboración co Santander, que acredita o estudiantado, profesorado e personal de administración e servizos como membros da comunidade universitaria.

Ademais de todas as funcións asociadas ás tarxetas intelixentes, o carné poderá dispoñer de servizos financeiros 4B Maestro, se se solicitan voluntariamente

- Para qué podes utilizalo?
- Acreditación universitaria
- Acceso a recintos e ordenadores das aulas de informática e persoais*
- Préstamo de libros en bibliotecas
- Consultas en Puntos de Información e, opcionalmente, en caixeiros 4B*
- Tarxeta deportiva
- Moedeiro electrónico
- Descontos en comercios
- Tarxeta 4B Maestro (opcional)
- Firma Electrónica
- Solicítalo en calquera momento nas Oficinas Universitarias Santander do campus, levando unha fotografía recente. Recíbralo no teu domicilio particular. Para que inclúa o servizo 4B Maestro só necesitas ser titular dunha conta bancaria no

Santander. Esta conta non ten nin gastos de administración nin de mantemento.

•O Carné Universitario non hai que renovo-lo cada ano. Para activar a función financeira dirixete á Oficina Universitaria.

SEGURO ESCOLAR

•Os alumnos da Universidade de Vigo, sexa cal for a súa nacionalidade ou estudos que cursen, quedan cubertos por un seguro escolar. Do mesmo xeito que se regula para os niveis educativos previos, a Lei establece a cobertura obrigatoria.

•Ademais, a Universidade de Vigo subscribiu un seguro adicional, seguro cum laude, para todos os seus alumnos, incluídos aqueles que non quedan cubertos polo seguro obrigatorio. Ambos os seguros páganse no momento de formalizar a matrícula, polo que non teñen custo adicional algún.

•Con carácter complementario aos dous anteriores, a Universidade de Vigo dispón dun seguro voluntario, seguro cum laude plus, con maiores coberturas que aqueles e a un custo moi reducido (ao redor de 10 euros por curso).

OUTROS SERVIZOS

- **Actividades Culturais**
- **Deportes**
- **Voluntariado**
- **Area de Emprego**
- **Fundación Universidade de Vigo**
- **Gabinete psicopedagóxico**
- **Tribunal de Garantías**

Grado en Geografía e Historia

Asignaturas

Curso 1

Código	Nombre	Cuatrimestre	Cr.totales
002G251V01101	Xeografía: Fundamentos de xeografía física	1c	6
002G251V01102	Historia: Introducción á etnoloxía	1c	6
002G251V01103	Arte: Linguaxes e técnicas artísticas	1c	6
002G251V01104	Idioma moderno: Inglés para humanidades	1c	6
002G251V01105	Historia de América precolombina e colonial	1c	6
002G251V01201	Xeografía: Fundamentos de xeografía humana	2c	6
002G251V01202	Historia: Introducción á historiografía	2c	6
002G251V01203	Arte: Arte clásica	2c	6
002G251V01204	Teoría e método da arqueoloxía	2c	6
002G251V01205	Prehistoria universal	2c	6

Curso 2

Código	Nombre	Cuatrimestre	Cr.totales
002G251V01301	Xeografía: Espazos e sociedades	1c	6
002G251V01302	Historia: Fontes de información en humanidades	1c	6
002G251V01303	Historia antiga universal	1c	6
002G251V01304	Historia medieval universal	1c	6
002G251V01305	Paleografía	1c	6

002G251V01401	Historia: Metodoloxía da historia	2c	6
002G251V01402	Historia moderna universal	2c	6
002G251V01403	Historia contemporánea universal	2c	6
002G251V01404	Historia da arte medieval	2c	6
002G251V01405	Arqueoloxía aplicada	2c	6

Curso 3

Código	Nombre	Cuatrimestre	Cr.totales
002G251V01501	Historia antiga da Península Ibérica	1c	6
002G251V01502	Historia da arte moderna	1c	6
002G251V01503	Historia medieval da Península Ibérica	1c	6
002G251V01504	Prehistoria da Península Ibérica	1c	6
002G251V01505	Xeografía aplicada. Territorio e paisaxe	1c	6
002G251V01601	Historia contemporánea de España	2c	6
002G251V01602	Historia da arte contemporánea	2c	6
002G251V01603	Historia moderna de España	2c	6
002G251V01604	Mundo actual	2c	6
002G251V01605	Sistemas de representación xeográfica	2c	6

DATOS IDENTIFICATIVOS**Xeografía: Fundamentos de xeografía física**

Asignatura	Xeografía: Fundamentos de xeografía física			
Código	O02G251V01101			
Titulación	Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuatrimestre
	6	FB	1	1c
Lengua Impartición	Castelán			
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	de Uña Álvarez, Elena Pilar			
Profesorado	de Uña Álvarez, Elena Pilar			
Correo-e	edeuna@uvigo.es			
Web	http://fatic.uvigo.es			
Descrición general	Materia de formación básica. Trata dos fundamentos teóricos e metodolóxicos cara o coñecemento global dos sistemas naturais, e as súas aplicación no contexto da sociedade. Integra o estudo das propiedades dos principais componentes (relevo, augas, clima, biota), as súas interaccións e configuración nas unidades biofísicas da superficie da terra.			

Competencias

Código		Tipoloxía
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.	- saber
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.	- saber facer
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.	- saber facer - Saber estar / ser
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.	- Saber estar / ser
CG1	Coñecer o territorio (ambiente, sociedade, cultura) dende unha perspectiva diacrónica e sincrónica	- saber
CG3	Obter as habilidades necesarias para rexistrar, analizar e interpretar a información relevante de índole xeográfica e histórica	- saber facer
CE1	Coñecemento das claves e desenvolvemento do ámbito da Xeografía física	- saber
CE3	Coñecemento das claves e desenvolvemento dos espazos xeográficos, (aspectos físicos, humanos, económicos) na súa dinámica socio-territorial	- saber
CE6	Coñecemento e aplicación dos principais métodos e técnicas de investigación xeográfica	- saber facer
CE8	Desenvolvemento e aplicación dos procedementos de traballo de campo	- saber facer
CT1	Capacidade de análise e síntese	- saber - saber facer
CT4	Comunicación oral e escrita no idioma propio	- saber facer - Saber estar / ser
CT7	Capacidade de razoamento crítico	- saber - saber facer
CT8	Compromiso ético e responsabilidade social	- Saber estar / ser
CT11	Capacidade de aprendizaxe autónoma	- saber facer
CT15	Sensibilidade cara temas ambientais.	- Saber estar / ser

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias
---------------------------	--------------

Coñecemento dos conceptos fundamentais da Xeografía Física, a Xeografía Humana e a Análise Xeográfica, integrados no proceso do desenvolvemento do campo disciplinar da Xeografía	CB1 CG1 CE1 CT1 CT4 CT15
Toma de conciencia sobre as aportacións da ciencia xeográfica no ámbito académico e social, manifestada a través dun razoamento crítico que incida en aspectos ambientais e culturais.	CB3 CB4 CG1 CE3 CT1 CT4 CT7 CT15
Habilidade para a realización de traballo, utilizando técnicas de carácter cualitativo e cuantitativo, e posta en valor para a diversidade e benestar social.	CB5 CG3 CE6 CE8 CT4 CT8 CT11

Contidos

Tema	
1. Bases teórico-metodolóxicas	1.1 Campo científico da Xeografía Física 1.2 Elementos e escalas
2. Sistemas naturais	2.1 Componentes maiores 2.2 Interaccións dinámicas: unidades
3. Fenómenos de cambio	3.1 Riscos naturais 3.2 Intervención humana

Planificación docente

	Horas en clase	Horas fuera de clase	Horas totales
Actividades introductorias	4	2	6
Sesión maxistral	13	15	28
Eventos docentes e/ou divulgativos	8	8	16
Saídas de estudo/prácticas de campo	11	6	17
Resolución de problemas e/ou exercicios	4	4	8
Prácticas autónomas a través de TIC	0	15	15
Titoría en grupo	4	2	6
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	3	20	23
Traballos e proxectos	3	18	21
Outras	0	10	10

*Los datos que aparecen en la tabla de planificación son de carácter orientativo, considerando la heterogeneidad de alumnado

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introductorias	Toma de contacto docente/alumnado que inclúe presentación da materia, información do nivel de coñecementos do grupo, adquisición dos conceptos fundamentais e realización de pequenas tarefas instrumentais.
Sesión maxistral	Explicación dos contidos e desenvolvemento de acción formativas de razoamento, análise e síntese polo docente no ámbito da teoría da materia.
Eventos docentes e/ou divulgativos	Conferencias, faladoiros, debates e xornadas que permiten afondar nos aspectos teórico-prácticos da materia.
Saídas de estudo/prácticas de campo	Aplicación dos coñecementos a situación concretas, fora do espazo académico, para adquisición de habilidades e destrezas básicas.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno debe desenvolver as solucións adecuadas ou correctas mediante a exercitación de rutinas, a aplicación de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados.

Prácticas autónomas a través de TIC	Desenvolvemento persoal das habilidades de búsqueda, organización, tratamento e xestión da información relativa á materia nun entorno virtual.
Titoría en grupo	Sesións que manteñe o alumnado co profesorado para o asesoramento do proceso de ensino-aprendizaxe e da súa avaliación.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Actividades introductorias	A atención personalizada consistirá na orientación do nivel de aprendizaxe requirido, a introducción dos materiais, a resolución de dúbidas e a explicación da dinámica do desenvolvemento da materia. Alumnado presencial: na aula. Alumnado semipresencial: aula e-meeting (enlace FaiTic). Todo o alumnado: na plataforma de teledocencia Moodle (foro de avisos, noticias e dúbidas).
Saídas de estudo/prácticas de campo	A atención personalizada consistirá no acompañamento e motivación activa na actividade, o desenrolo da capacidade de atención/observación participativa e o apoio para o uso de técnicas ou instrumentos específicos. Alumnado presencial: in situ. Todo o alumnado: na plataforma de teledocencia Moodle (foro de avisos, noticias e dúbidas).
Titoría en grupo	A atención personalizada consistirá na revisión dos exercicios, probas e traballos; na resolución de dúbidas e toma de acordos para calquer aspecto da dinámica da materia. Todo o alumnado: na plataforma de teledocencia Moodle. Alumnado semipresencial: aula e-meeting (enlace FaiTic). Alumnado presencial: na aula.

Avaliación

	Descrición	Calificación	Competencias Evaluadas
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	O alumnado realizará un comentario razoado, de análise e interpretación dos aspectos relacionados coa temática teórica da Xeografía Física. As cuestións plantexadas requiren una resposta estruturada e reflexiva. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Coñecemento dos conceptos fundamentais da Xeografía Física, a Xeografía Humana e a Análise Xeográfica, integrados no proceso do desenvolvemento do campo disciplinar da Xeografía; Toma de conciencia sobre as aportacións da ciencia xeográfica no ámbito académico e social, manifestada a través dun razoamento crítico que incida en aspectos ambientais e culturais.	60	CB1 CG1 CE1 CE3 CT1 CT4 CT7 CT15
Traballos e proxectos	O alumnado realizará o traballo práctico especificado (inclúe avaliación do uso autónomo das TICs). Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Habilidade para a realización de traballo, utilizando técnicas de carácter cualitativo e cuantitativo, e posta en valor para a diversidade e benestar social.	30	CG3 CE6 CE8 CT4 CT7 CT11 CT15
Outras	Participación activa do alumnado nas sesións e actividades propostas polo docente, tendo en conta a avaliación continua do traballo autónomo na aula, no campo e na plataforma de teledocencia. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Toma de conciencia sobre as aportacións da ciencia xeográfica no ámbito académico e social, manifestada a través dun razoamento crítico que incida en aspectos ambientais e culturais.	10	CB3 CB4 CB5

Otros comentarios y evaluación de Julio

Os estudantes que se acollan á modalidade semipresencial poderán seguir a materia a través do Curso Virtual na plataforma de teledocencia Moodle, da Universidade de Vigo, que permitirá o acceso aos materiais precisos para a adquisición das competencias e consecución dos resultados da aprendizaxe, tanto nos seus contidos teóricos como prácticos.

Especificaranse as metodoloxías docentes, as actividades de avaliación, xunto co calendario de entrega (presencial ou remota) que quedará claramente establecido. As actividades que requiran presencialidade serán substituídas por outras que permitan acceder á mesma porcentaxe da nota. O seguimento individualizado da participación do alumno a través das TIC farase a partir das ferramentas propias da plataforma (participación, estatísticas de acceso, realización de probas ou exercicios en liña, etc.).

O estudante deberá cumprir os requisitos mínimos de presencialidade necesarios para a avaliación continua. Así mesmo

deberá acudir ás probas que o/s docente/s dispoñan como imprescindibles.

Todos os estudantes matriculados na materia teñen dereito a realizar os exames finais (Artigo 12 do Regulamento de Estudantes da Universidade de Vigo). Aqueles alumnos que non poidan acollerse á avaliación continúa, serán avaliados dos contidos do programa da materia mediante una proba escrita que suporá o 70% da nota final e un traballo obrigatorio que representará un 30% desta.

Bibliografía. Fontes de información

Ayala, F. & Olcina, J. , Riesgos naturales, Barcelona, Ariel Geografía, 2002

Clifford, N.J. (Coord.), Key Concepts in Geography, London, Sage, 2009

Gregory, K., The Earth 's Land Surface, London, Sage, 2010

López Bermúdez, F. et al, Geografía Física, Madrid, Cátedra, 1992

Tarbuk, E. & Lutgens, F., Ciencias de la Tierra, Madrid, Prentice Hall, 1999

Recomendacións

Asignaturas que continúan el temario

Xeografía: Fundamentos de xeografía humana/O02G251V01201

Otros comentarios

Ao longo do curso entregarase una documentación detallada sobre o desenvolvemento das actividades. Esta información será ofrecida a través da plataforma Moodle, polo que todos os alumnos deben estar dados de alta na plataforma e ter cubertos os seus datos de perfil.

DATOS IDENTIFICATIVOS**Historia: Introducción á etnoloxía**

Asignatura	Historia: Introducción á etnoloxía			
Código	O02G251V01102			
Titulación	Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuatrimestre
	6	FB	1	1c
Lengua	Castelán			
Impartición	Galego			
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	Castro Pérez, Ladislao			
Profesorado	Castro Pérez, Ladislao			
Correo-e	castro@uvigo.es			
Web	http://fatic.uvigo.es			
Descrición general	Esta asignatura está concebida como unha introducción á etnoloxía e un achegamento aos modelos de interpretación das sociedades preestatais do pasado			

Competencias

Código		Tipoloxía
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.	- saber facer
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.	- saber facer
CG3	Obter as habilidades necesarias para rexistrar, analizar e interpretar a información relevante de índole xeográfica e histórica	- saber facer
CE12	Conciencia crítica da relación entre os acontecementos e procesos actuais e o pasado	- Saber estar / ser
CE13	Conciencia de respecto polos puntos de vista que se derivan de antecedentes culturais/nacionais	- Saber estar / ser
CE17	Capacidade de ler textos historiográficos e documentos orixinais na propia lingua así como de transcribir, resumir e catalogar información de forma pertinente	- saber facer
CT5	Capacidade de xestión da información e o coñecemento	- saber facer
CT9	Traballo en equipo en diversos contextos	- saber facer - Saber estar / ser
CT10	Atención á diversidade e á multiculturalidade.	- Saber estar / ser
CT16	Coñecemento doutras culturas	- saber

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias
Emprego correcto dos conceptos, terminoloxía e métodos de análise e interpretación das sociedades preestatais e do cambio histórico	CB4 CE13 CE17 CT10
Formación para interpretar adecuadamente as sociedades do pasado	CG3 CE12 CT5 CT16
Coñecemento dos principais problemas e debates historiográficos	CB3 CT9

Contidos

Tema

1. Introducción	1.1 Conceptos básicos 1.2 Naturaleza e Cultura 1.3 Escolas de Etnoloxía
2. Antropoloxía Cultural	2.1 Identidade e Xénero 2.2 Tipoloxías Sociais 2.3 Antropoloxía do Poder e da Violencia 2.4 Antropoloxía Económica 2.5 Antropoloxía Simbólica
3. Antropoloxía e Historia	3.1 Antropoloxía e Historia. Sincronía e Diacronía 3.2 O Cambio Cultural

Planificación docente

	Horas en clase	Horas fuera de clase	Horas totales
Sesión maxistral	22	30	52
Actividades introductorias	1	0	1
Traballos tutelados	12	35	47
Titoría en grupo	5	5	10
Saídas de estudo/prácticas de campo	3	10	13
Eventos docentes e/ou divulgativos	2	0	2
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	2	15	17
Traballos e proxectos	3	0	3
Outras	0	5	5

*Los datos que aparecen en la tabla de planificación son de carácter orientativo, considerando la heterogeneidad de alumnado

Metodoloxía docente

	Descripción
Sesión maxistral	<p>Todo o alumnado: Sesións teóricas con apoio de material didáctico. Este material estará dispoñible na plataforma de faitic.</p> <p>Alumnado presencial: Estas sesións serán desenvolvidas na aula.</p>
Actividades introductorias	<p>Todo o alumnado: Actividades previas para coñecer as competencias, intereses e/ou motivacións do alumnado.</p> <p>Alumnado presencial: Estas sesións serán desenvolvidas na aula.</p> <p>Alumnado semipresencial: Estas sesións poderán realizarse a través de e-meeting, a plataforma de faitic ou o correo electrónico.</p>
Traballos tutelados	<p>Todo o alumnado: Traballo colaborativo con diversas actividades que finalizan na entrega dun ensaio escrito.</p> <p>Alumnado presencial: Estes traballos deberán se expostos na aula e posteriormente entregados.</p> <p>Alumnado semipresencial: Estes traballos deberán se expostos na aula, ou a través de e-meeting, e posteriormente entregados.</p>
Titoría en grupo	<p>Todo o alumnado Seguimento da realización dos traballos. Asesoramento, orientación e aclaración de dúbidas sobre á asignatura.</p>
Saídas de estudo/prácticas de campo	<p>Todo o alumnado: Actividades desenvolvidas nun contexto externo, que ten que ver con observación directa e sistemática.</p>
Eventos docentes e/ou divulgativos	<p>Horas reservadas para a asistencia a actividades de temática transversal organizadas polo Departamento de Historia, Arte e Xeografía e pola Facultade de Historia desta universidade</p>

Atención personalizada

Metodoloxías	Descripción

Actividades introductorias	Alumnado presencial: Estas sesións serán desenvolvidas na aula. Alumnado semipresencial: Estas sesións poderán realizarse a través de e-meeting, a plataforma de faitic ou o correo electrónico.
Traballos tutelados	Todo o alumnado: Deberá facer unha proposta temática, cun esquema incluído, relacionada co programa consultando a bibliografía e o material de faitic. Esta proposta será supervisada así como a realización do traballo. O seguimento levarase a cabo a través dos seguintes recursos: Alumnado presencial: Seguimento nas aulas e titorías. Alumnado semipresencial: Seguimento a través de e-meeting ou correo electrónico.
Titoría en grupo	Todo o alumnado: Aclaración de dúbidas sobre a materia, tanto dos aspectos teóricos como daqueles relacionadas co seminario, traballos tutorizados individual ou en grupo. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos. Todo o alumnado: Curso virtual a na plataforma de Teledocencia (Moodle Faitic, UVigo) e correo electrónico. Alumnado presencial:: seguimento nas aulas. Alumnado semipresencial: aula e-meeting (enlace Faitic).

Avaliación			
	Descrición	Calificación	Competencias Evaluadas
Probas de resposta longa de desenvolvemento	As sesións maxistras dos bloques I e II serán avaliadas mediante proba de resposta longa. Formación para interpretar adecuadamente as sociedades do pasado.	60	CB4 CE17 CT10
Traballos e proxectos	O traballo individual do bloque III consistirá nun ensaio escrito. Coñecemento dos principais problemas e debates historiográficos.	30	CG3 CE12 CT5 CT16
Outras	Emprego correcto dos conceptos, terminoloxía e métodos de análise e interpretación das sociedades preestatais e do cambio histórico. En todas as actividades e probas que conforman a programación valorarase a participación do alumnado	10	CB3 CT9

Otros comentarios y evaluación de Julio

Os estudantes que se acollan á modalidade semipresencial poderán seguir a materia a través do Curso Virtual na plataforma de teledocencia Moodle, da Universidade de Vigo, que permitirá o acceso aos materiais precisos para a adquisición das competencias e consecución dos resultados da aprendizaxe, tanto nos seus contidos teóricos como prácticos. Se especificarán as metodoloxías docentes, as actividades de avaliación, xunto co calendario de entrega (presencial o remota) que quedará claramente establecido. As actividades que requiran presencialidade serán substituídas por outras que permitan poder acceder ao mesmo porcentaxe da nota. O seguimento individualizado da participación do alumno a través das TIC será feito a partir das ferramentas propias da plataforma (participación, estatísticas de acceso, realización de probas ou exercicios en liña etc...).

O estudante deberá cumprir os requisitos mínimos de presencialidade, asistindo ás titorías, que serán fixadas nun horario compatible coa súa actividade, para resolver as dúbidas xurdidas no transcurso da avaliación continua. Así mesmo deberá acudir ás probas que o/s docente/s dispoñan como imprescindibles.

Todos os estudantes matriculados na materia teñen dereito a realizar os exames finais (Artigo 12 do regulamento de Estudantes da Universidade de Vigo). Aqueles alumnos que non poidan acollerse á avaliación continua, serán avaliados dos contidos do programa da materia mediante unha proba escrita, que suporá o 70% da nota final, e un traballo obrigatorio que representará un 30% desta.

Bibliografía. Fontes de información

'''

Ingold, T. (ed), Companion Encyclopedia of Anthropology, , London-New York 1997

Geertz, C. , La interpretación de las culturas, Paidós, Barcelona 1989

Ember, C.F., Ember, M. e Peregrine, P., Antropología, , Madrid 2004

Bonte, P. e Izard, M. (dir.), Diccionario de Etnología y Antropología, Akal, Madrid 2005

Bohannon, P., Para raros nosotros. Introducción a la antropología cultural, Akal, Madrid 2005

BIBLIOGRAFIA ESPECIFICA, , ,

Sahlins, M., Las sociedades tribales, Labor, Barcelona 1984

Service, E. , Los Cazadores, Labor, Barcelona

Wolf, E., Los Campesinos, Labor, Barcelona 1978

Johnson, A.W. e Earle, T., La evolución de las sociedades desde los grupos cazadores-recolectores al estado agrario, Ariel, Barcelona 1984

Sahlins, M., Economía de la Edad de Piedra, Akal, Madrid 1983

Lull, V., Micó, R., Palomar, P., Rihuete, C. e Risch, R., Arqueología del origen del estado, Bellaterra, Barcelona 2007

Guilaine, J. e Zammit, J., El camino de la guerra: la violencia en el prehistoria , Ariel, Barcelona 2002

Hernando Gonzalo, A., Arqueología de la identidad, Akal, Madrid 2002

González Ruibal, A., La experiencia del otro: una introducción a al etnoarqueología, Akal, Madrid 2003

Lévi-Strauss, C., El totemismo en la actualidad, Fondo de Cultuta Económica, México 1982

Orme, B., Anthrhopology for Archaeologists, Duckworth, London 1981

Geertz, C., Los usos de la diversidad, Paidós, Barcelona 1996

Geertz, C., El surgimiento de la Antropología posmoderna, Gedisa, Barcelona 1998

Recomendacións

Otros comentarios

Ao longo do curso entregarse una documentación detallada sobre o desenvolvemento das actividades. Esta información será ofrecida a través da plataforma Moodle, polo que todos os alumnos deben estar dados de alta na plataforma e ter cubertos os seus datos de perfil.

DATOS IDENTIFICATIVOS**Arte: Linguaxes e técnicas artísticas**

Asignatura	Arte: Linguaxes e técnicas artísticas			
Código	002G251V01103			
Titulación	Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuatrimestre
	6	FB	1	1c
Lengua Impartición	Galego			
Departamento	Dpto. Externo Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	Domínguez López, Ángel			
Profesorado	Domínguez López, Ángel López López, Marta			
Correo-e	adominguez@uvigo.es			
Web	http://faiatic.uvigo.es			
Descrición general	<p>A materia que se presenta baixo o título de Linguaxes e técnicas artísticas, non se presenta como unha historia da arte no sentido estrito do concepto, se non que, indo máis alá do contido histórico, reúne unha serie de conceptos básicos que o futuro historiador da arte debe coñecer.</p> <p>O obxectivo fundamental é aproximar ao estudante que se inicia na titulación, á comprensión do fenómeno artístico dende a análise ou lectura formal dos elementos primordiais de expresión que constitúen cada unha das artes. Así obteríanse uns coñecementos que permitirían a reconstrución tan obxectiva como sexa posible de todos aqueles aspectos que contribúan a coñecer e comprender a forma e a función orixinal das obras de arte para, en cursos posteriores, poder ser estudadas en relación coas circunstancias nas que foron realizadas.</p> <p>Desta forma, a materia organízase como un compendio de contidos orientados a promover a reflexión sobre a natureza e función da obra de arte e sobre as peculiaridades das distintas linguaxes artísticas.</p> <p>Unha inevitable delimitación de campos científicos determina que a materia se centre na análise das distintas linguaxes tradicionais, dende a arquitectura ás chamadas artes visuais e decorativas.</p>			

Competencias

Código		Tipoloxía
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.	- saber facer - Saber estar / ser
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.	- saber facer
CG2	Comprender os procesos que se desenvolven en diversas escalas espazo-temporais e en diversos contextos socio-culturais	- saber - saber facer
CG6	Aplicalas no contexto do futuro académico e/ou profesional; e crear as bases para futuros estudos de postgrao, especializados e/ou multi-disciplinares	- saber - saber facer
CE27	Coñecementos particulares e optativos da Historia da Arte	- saber - saber facer
CE28	Coñecemento das distintas metodoloxías da aproximación á Historia da Arte	- saber - saber facer
CE29	Coñecemento sistemático e integrado do feito artístico: distintas linguaxes e técnicas da produción artística ao longo da historia	- saber - saber facer
CE31	Coñecementos básicos de iconografía como clave para a interpretación de imaxes	- saber - saber facer
CE33	Coñecementos sobre documentación, composición de materiais e técnicas construtivas dos bens artísticos móbiles e inmóbiles	- saber
CE34	Coñecementos instrumentais aplicados á Historia da Arte	- saber facer
CT1	Capacidade de análise e síntese	- saber facer
CT2	Aplicación dos coñecementos	- saber facer
CT4	Comunicación oral e escrita no idioma propio	- saber facer
CT7	Capacidade de razoamento crítico	- saber facer

CT8	Compromiso ético e responsabilidade social	- saber facer - Saber estar / ser
CT10	Atención á diversidade e á multiculturalidade.	- saber facer - Saber estar / ser
CT14	Motivación pola calidade	- saber facer - Saber estar / ser
CT16	Coñecemento doutras culturas	- saber - Saber estar / ser

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias
Coñecemento sistemático e integrado do feito artístico: arquitectura, escultura, pintura e artes menores, os seus elementos integrantes, finalidade e destino.	CB3 CG2 CE27 CE29 CT1 CT7 CT16
Coñecemento e comprensión dos diferentes materiais, técnicas e procedementos artísticos e dos valores formais e expresivos que as vehiculan.	CB3 CE27 CE29 CE33 CT2 CT8
Adquisición e dominio da terminoloxía artística específica.	CB4 CG6 CE27 CE29 CE33 CT2 CT4 CT16
Capacitación para a selección, manexo e tratamento da información e os datos artísticos básicos nun contexto tanto disciplinar como multidisciplinar.	CB4 CE27 CE28 CE29 CE33 CT1 CT7 CT8 CT14
Comprensión das principais creacións, solucións e elementos do mundo clásico.	CE29 CT10 CT16
Manexo das fontes iconográficas e a súa aplicación para a interpretación e correcta lectura da obra de arte	CB3 CE27 CE28 CE31 CE34 CT1 CT2 CT7 CT10 CT16

Contidos

Tema	
1. Teoría e linguaxe da arquitectura	1.1. Elementos formais do espazo arquitectónico 1.2. Función, símbolo e tipoloxías arquitectónicas 1.3. Tratados de arquitectura
2. Artes visuais e decorativas	2.1. A arte da escultura: materiais, procedementos técnicos e plásticos, función e significado 2.2. A arte da pintura: elementos formais e plásticos. As técnicas pictóricas e as súas posibilidades 2.3. Fontes literarias e técnicas

Planificación docente			
	Horas en clase	Horas fuera de clase	Horas totales
Eventos docentes e/ou divulgativos	4	20	24
Saídas de estudo/prácticas de campo	4	10	14
Traballos tutelados	3	20	23
Titoría en grupo	5	5	10
Sesión maxistral	24	10	34
Seminarios	4	10	14
Actividades introductorias	1	0	1
Probas de resposta curta	4	24	28
Outras	1	1	2

*Los datos que aparecen en la tabla de planificación son de carácter orientativo, considerando la heterogeneidad de alumnado

Metodoloxía docente	
	Descrición
Eventos docentes e/ou divulgativos	Saídas programadas para asistir a actividades docentes e divulgativas organizadas por especialistas de institucións museísticas. Reservaranse dúas horas para a asistencia a actividades de temática transversal organizadas dende o Departamento de Historia, Arte e Xeografía de xeito que computan nas actividades dirixidas.
Saídas de estudo/prácticas de campo	Práctica de campo para o estudo in situ das planimetrías e tipoloxías arquitectónicas e dos diferentes xéneros artísticos
Traballos tutelados	Realización e exposición por parte do estudante dun traballo individual tutelado, relacionado cos contidos da materia, iniciándose no manexo das fontes bibliográficas, documentais e literarias
Titoría en grupo	Atención titorizada en grupo para a atención e resolución de aspectos derivados do aprendizaxe
Sesión maxistral	Exposición na aula por parte do profesor dos contidos teóricos da materia con apoio de material gráfico e didáctico
Seminarios	Seminarios orientados á planificación dos traballos tutelados e a súa exposición así como outros aspectos complementarios
Actividades introductorias	Sesións previas orientadas á presentación do desenvolvemento da materia e toma de contacto co alumnado

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	A atención personalizada consistirá na orientación dos métodos de traballo e estudo, a resolución de dúbidas e o seguimento das labores individuais. TODO O ALUMNADO: na plataforma virtual de docencia Moodle (Faitiuc Uvigo). ALUMNADO PRESENCIAL: na aula e no despacho. ALUMNADO NON PRESENCIAL: despacho, mail e plataformas virtuais Moodle e e-meeting.
Titoría en grupo	A atención personalizada consistirá na orientación dos métodos de traballo e estudo, a resolución de dúbidas e o seguimento das labores individuais. TODO O ALUMNADO: na plataforma virtual de docencia Moodle (Faitiuc Uvigo). ALUMNADO PRESENCIAL: na aula e no despacho. ALUMNADO NON PRESENCIAL: despacho, mail e plataformas virtuais Moodle e e-meeting
Seminarios	A atención personalizada consistirá na orientación dos métodos de traballo e estudo, a resolución de dúbidas e o seguimento das labores individuais. TODO O ALUMNADO: na plataforma virtual de docencia Moodle (Faitiuc Uvigo). ALUMNADO PRESENCIAL: na aula e no despacho. ALUMNADO NON PRESENCIAL: despacho, mail e plataformas virtuais Moodle e e-meeting

Avaliación	
Descrición	Calificación Competencias Evaluadas

Traballos tutelados	Os traballos tutelados serán avaliados en función do interese, bibliografía e metodoloxía empregada, así como dos recursos empregados na súa exposición. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Aprendizaxe e lectura crítica e integral da obra de arte, tendo en conta a complexidade das súas diferentes interpretacións e significados. Manexo das fontes iconográficas e a súa aplicación para a interpretación e correcta lectura da obra de arte. Capacitación para a selección, manexo e tratamento da información e datos artísticos básicos.	20	CB3 CB4 CG2 CE28 CE29 CE33 CE34 CT1 CT2 CT4 CT7 CT16
Sesión maxistral	A sesión maxistral será avaliada mediante unha proba escrita de resposta curta. Para superar esta proba é necesario obter un mínimo de 5 puntos (sobre os 10 do total). Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Coñecemento sistemático e integrado do feito artístico. Coñecemento e comprensión dos diferentes materiais, técnicas e procedementos artísticos e dos valores formais e expresivos. Adquisición e dominio da terminoloxía artística específica.	60	CB4 CG2 CG6 CE27 CE28 CE29 CE33 CT1 CT4 CT10 CT14 CT16
Seminarios	A avaliación das prácticas a través dos seminarios serán avaliadas mediante a entrega dos exercicios realizados nas diferentes sesións de traballo. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Coñecemento dos fundamentos artísticos da cultura clásica de base humanística. Comprensión das principais creacións, solucións e elementos do mundo clásico.	10	CB3 CB4 CG6 CE28 CE29 CT1 CT2 CT7 CT14
Outras	Valoración do traballo autónomo do alumno a través de probas de autoevaluación a través de Moodle. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Capacitación para a selección, manexo e tratamento da información e os datos artísticos básicos nun contexto tanto disciplinar como multidisciplinar	10	CB4 CE27 CE28 CE29 CE33 CT1 CT7 CT8 CT14

Otros comentarios y evaluación de Julio

Otros comentarios

Ao longo do curso entregarase documentación detallada sobre o desenvolvemento das actividades. Esta información será ofrecida a través dos cursos Moodle da plataforma TEM@, polo que todos os alumnos/as deben estar dados de alta na plataforma e ter cubertos os seus datos de perfil.

DATOS IDENTIFICATIVOS**Historia: Metodoloxía da historia**

Asignatura	Historia: Metodoloxía da historia			
Código	O02G251V01401			
Titulación	Grao en Xeografía e Historia			
Descriptor	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuatrimstre
	6	FB	2	2c
Lengua	Castelán			
Impartición	Galego			
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	Presedo Garazo, Antonio			
Profesorado	Presedo Garazo, Antonio Rodicio Pereira, Laura			
Correo-e	antonio.presedo@uvigo.es			
Web	http://fatic.uvigo.es			
Descrición general	Introducción ao estudo dos problemas metodolóxicos, fontes e técnicas de investigación ligadas a produción e coñecemento histórico.			

Competencias

Código		Tipoloxía
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.	- saber
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.	- saber - saber facer
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.	- saber
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.	- saber - saber facer
CG3	Obter as habilidades necesarias para rexistrar, analizar e interpretar a información relevante de índole xeográfica e histórica	- saber - saber facer
CG6	Aplicalas no contexto do futuro académico e/ou profesional; e crear as bases para futuros estudos de postgrao, especializados e/ou multi-disciplinares	- saber - saber facer
CE17	Capacidade de ler textos historiográficos e documentos orixinais na propia lingua así como de transcribir, resumir e catalogar información de forma pertinente	- saber - saber facer
CE23	Capacidade de identificar e utilizar apropiadamente fontes de información para a investigación histórica	- saber - saber facer
CT1	Capacidade de análise e síntese	- saber facer
CT5	Capacidade de xestión da información e o coñecemento	- saber - saber facer

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias
Formación para interpretar adecuadamente as sociedades do pasado	CB1 CB2 CB3 CB5 CG3 CG6 CE17 CE23

Coñecemento e utilización dos conceptos técnicos e o vocabulario básico para entender os procesos históricos	CB1 CB2 CB3 CG3 CG6 CE17 CE23
--------------------------------------------------------------------------------------------------------------	-------------------------------------------------

Coñecemento dos métodos para o estudo da estrutura diacrónica dos procesos históricos	CB2 CB3 CB5 CG3 CG6 CE17 CE23 CT1 CT5
---------------------------------------------------------------------------------------	---------------------------------------------------------------

Contidos

Tema

1. A produción do coñecemento histórico: teoría e método	1.1. Epistemoloxía e metodoloxía da historia. 1.2. Heurística e hermenéutica: tipoloxía e crítica de fontes. 1.3. Relación teoría/método e método/fontes. 1.4. Historia e tempo: cronoloxía e periodización.
2. A metodoloxía histórica	2.1. As metodoloxías e técnicas cualitativas. 2.2. As metodoloxías e técnicas cuantitativas. 2.3. As metodoloxías de traballo compartidas con outras Ciencias Sociais e apertura interdisciplinaria.
3. O proceso de investigación histórica	3.1. O oficio ou práctica do historiador e a investigación histórica. 3.2. Deseño e pasos na elaboración dun traballo de investigación histórica.

Planificación docente

	Horas en clase	Horas fuera de clase	Horas totales
Actividades introdutorias	1	0	1
Sesión maxistral	24	30	54
Seminarios	2	6	8
Prácticas en aulas de informática	2	4	6
Prácticas externas	2	2	4
Traballos tutelados	7	20	27
Eventos docentes e/ou divulgativos	2	0	2
Titoría en grupo	2	0	2
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	4	20	24
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	2	4	6
Informes/memorias de prácticas	0	2	2
Traballos e proxectos	2	8	10
Probas de autoavaliación	0	4	4

*Los datos que aparecen en la tabla de planificación son de carácter orientativo, considerando la heterogeneidad de alumnado

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Sesións encamiñadas, por unha banda, a tomar contacto e obter información do alumnado e, por outra, a presentar o programa da materia.
Sesión maxistral	Exposición oral dos contidos da materia por parte do profesor.
Seminarios	Actividades en grupo nas que se fará a presentación e introdución teórica das clases prácticas así como dos traballos tutelados.
Prácticas en aulas de informática	Actividade orientada a familiarizar o alumno ca búsqueda e utilización de fontes documentais a través da rede.
Prácticas externas	Actividade encamiñada a familiarizar o alumno coa búsqueda, manexo e recollida de información dos distintos tipos de fontes históricas (arquivos, museos, etc.).

Traballos tutelados	Actividades en grupo nas que se orientará e tutelaré a realización dun proxecto ou traballo de investigación con fontes de arquivo.
Eventos docentes e/ou divulgativos	Resérvanse dúas horas para a asistencia a actividades de temática transversal organizadas dende o Departamento de Historia, Arte e Xeografía e a Facultade de Historia.
Titoría en grupo	Seguimento e aclaración de dúbidas acerca dos contidos da materia, traballos e prácticas.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Seminarios	A atención personalizada consistirá en resolver as dúbidas relacionadas coas lecturas de materiais bibliográficos e as súas preguntas guía que se van tratar nos seminarios. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: TODO O ALUMNADO: Curso virtual na plataforma de teledocencia Moodle (FaiTic, UVigo). ALUMNADO PRESENCIAL: Seguimento na aula. ALUMNADO NON PRESENCIAL: A través da aula habilitada para a materia en e-meeting (enlace FaiTic).
Prácticas en aulas de informática	A atención personalizada consistirá en resolver as dúbidas relacionadas coas actividades prácticas que se van realizar na aula de informática. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: TODO O ALUMNADO: Curso virtual na plataforma de teledocencia Moodle (FaiTic, UVigo). ALUMNADO PRESENCIAL: Seguimento na aula de informática. ALUMNADO NON PRESENCIAL: A través da aula habilitada para a materia en e-meeting (enlace FaiTic).
Prácticas externas	A atención personalizada consistirá en resolver as dúbidas relacionadas coas actividades prácticas que se van desenvolver nun arquivo histórico e en varios espazos musealizados. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: TODO O ALUMNADO: Curso virtual na plataforma de teledocencia Moodle (FaiTic, UVigo). ALUMNADO PRESENCIAL: Seguimento na aula. ALUMNADO NON PRESENCIAL: A través da aula habilitada para a materia en e-meeting (enlace FaiTic).
Traballos tutelados	A atención personalizada consistirá en resolver as dúbidas que lle podan xurdir ó alumnado mentres leva a cabo a elaboración de ditos traballos tutelados. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: TODO O ALUMNADO: Curso virtual na plataforma de teledocencia Moodle (FaiTic, UVigo). ALUMNADO PRESENCIAL: Seguimento na aula. ALUMNADO NON PRESENCIAL: A través da aula habilitada para a materia en e-meeting (enlace FaiTic).
Titoría en grupo	A atención personalizada consistirá en resolver as dúbidas sobre os contidos teóricos e as actividades prácticas da materia. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: TODO O ALUMNADO: Curso virtual na plataforma de teledocencia Moodle (FaiTic, UVigo). ALUMNADO PRESENCIAL: Seguimento na aula. ALUMNADO NON PRESENCIAL: A través da aula habilitada para a materia en e-meeting (enlace FaiTic).

Avaliación

	Descrición	Calificación	Competencias Evaluadas
Sesión maxistral	A avaliación farase mediante a realización de dúas probas. Cada unha delas inclúe preguntas teóricas ou de desenvolvemento sobre os contidos e conceptos básicos da materia, así como unha proba ou probas prácticas. Para superar a materia será preciso acadar en cada unha de ditas probas unha cualificación de 5 puntos. Os resultados da aprendizaxe que serán obxecto de avaliación neste apartado son: i. Coñecemento e utilización dos conceptos técnicos e o vocabulario básico para entender os procesos históricos ii. Coñecemento dos métodos para o estudo da estrutura diacrónica dos procesos históricos	50	CB1 CB3 CG3 CT1
Prácticas en aulas de informática	A avaliación realizarase mediante a elaboración dun informe, dossier ou memoria de prácticas. Os resultados da aprendizaxe que serán obxecto de avaliación neste apartado son: i. Formación para interpretar adecuadamente as sociedades do pasado	5	CB3 CG3 CG6 CE23 CT1 CT5

Prácticas externas	A avaliación farase mediante a elaboración e entrega dun informe ou memoria de prácticas. Os resultados da aprendizaxe que serán obxecto de avaliación neste apartado son: i. Formación para interpretar adecuadamente as sociedades do pasado	5	CB3 CG3 CG6 CE23 CT1 CT5
Traballos tutelados	Elaboración, montaxe e entrega dun traballo persoal de investigación histórica a partir da lectura e análises de fontes documentais. Os resultados da aprendizaxe que serán obxecto de avaliación neste apartado son: i. Coñecemento dos métodos para o estudo da estrutura diacrónica dos procesos históricos	30	CB2 CB3 CG3 CG6 CE17 CE23 CT5
Probos de autoavaliación	Valoración do traballo autónomo do alumnado mediante a realización de cuestionarios sobre os contidos da materia a través de Moodle. Os resultados dos procesos da aprendizaxe que serán obxecto de avaliación neste apartado son: i. Coñecemento dos métodos para o estudo da estrutura diacrónica dos procesos históricos ii. Formación para interpretar adecuadamente as sociedades do pasado	10	CB2 CB5 CT5

Otros comentarios y evaluación de Julio

Os/as estudantes que se acollan á modalidade semipresencial poderán seguir a materia a través do Curso Virtual na plataforma de teledocencia Moodle, da Universidade de Vigo, que permitirá o acceso aos materiais precisos para a adquisición das competencias e consecución dos resultados da aprendizaxe, tanto nos seus contidos teóricos como prácticos. Especificaranse as metodoloxías docentes, as actividades de avaliación, xunto co calendario de entrega (presencial ou remota) que quedará claramente establecido. As actividades que requiran presencialidade serán substituídas por outras que permitan acceder á mesma porcentaxe de nota. O seguimento individualizado da participación do alumno a través das TIC farase a partir das ferramentas propias da plataforma (participación, estatísticas de acceso, realización de probas ou exercicios en liña, etc.).

O estudante deberá cumprir os requisitos mínimos de presencialidade necesarios para a avaliación continua. Así mesmo deberá acudir ás probas que o/s docente/s dispoñan como imprescindibles.

Todos/as os/as estudantes matriculados/as na materia teñen dereito a ser avaliados/as mediante un exame final (artigo 12 do Regulamento de Estudantes da Universidade de Vigo). Os/as alumnos/as que non se poidan acoller á modalidade presencial, serán avaliados dos contidos do programa da materia mediante unha proba escrita na que se incluírán preguntas teóricas ou de desenvolvemento relativas ós conceptos e contidos básicos da mesma, xunto cunha pregunta práctica, que suporá o 70% da súa cualificación final. O 30% restante será completado a través dun traballo obrigatorio sobre os contidos do programa da materia, a convir co docente, que os/as alumnos/as deberán entregar como data límite na fixada para a realización da mentada proba escrita.

Bibliografía. Fontes de información

BIBLIOGRAFÍA BÁSICA:

Alía Miranda, F. Técnicas de investigación para historiadores: las fuentes de la historia. Madrid, 2005. [OUR 930 /185](#)

Cardoso, C. Introducción al trabajo de la investigación histórica. Barcelona, 2000. [OUR 930 /168](#)

Hernández Sampieri, R.; Fernández Collado, C.; Baptista Lucio, P., Metodología de la investigación, Madrid, 2006. [30 PAR met](#)

Robles Sastre, E. Metodología e investigación: contenidos y formas. Madrid, 2005. [OUR 930 /87](#)

Burke, P. Visto y no visto. El uso de la imagen como documento histórico. Barcelona, 2001. [Depósito: OUR 8414](#)

Floud, R. Métodos cuantitativos para historiadores. Madrid, 1983. [OUR 930 /135](#)

Sautu, R. et al., Manual de Metodología. Construcción del marco teórico, formulación de objetivos y elección de la metodología. Buenos Aires, CLASO, 2005.

Topolsky, J. Metodología de la historia. Madrid, 1982.

Recomendacións

Otros comentarios

Ao longo do curso entregarase documentación detallada sobre o desenvolvemento das actividades. Esta información será ofrecida a través dos cursos Moodle da plataforma TEM@, polo que todos/as os/as alumnos/as deben estar dados de alta na plataforma e ter cubertos os seus datos de perfil.

DATOS IDENTIFICATIVOS**Historia moderna universal**

Asignatura	Historia moderna universal			
Código	O02G251V01402			
Titulación	Grao en Xeografía e Historia			
Descriptor	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuatrimestre
	6	OB	2	2c
Lengua	Castelán			
Impartición	Galego			
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	Presedo Garazo, Antonio			
Profesorado	Presedo Garazo, Antonio			
Correo-e	antonio.presedo@uvigo.es			
Web	http://faitic.uvigo.es			
Descrición general	Coñecemento e comprensión dos caracteres específicos, principais acontecementos e transformacións da civilización e sociedade da Idade Moderna, prestando especial atención á realidade europea sen renunciar ao estudo comparado doutras civilizacións e culturas.			

Competencias

Código		Tipoloxía
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.	- saber
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.	- saber facer
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.	- saber facer
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.	- saber - saber facer
CG2	Comprender os procesos que se desenvolven en diversas escalas espazo-temporais e en diversos contextos socio-culturais	- saber
CE12	Conciencia crítica da relación entre os acontecementos e procesos actuais e o pasado	- saber
CE14	Coñecemento da estrutura diacrónica xeral do pasado	- saber
CE16	Coñecemento detallado dun ou máis períodos específicos do pasado da humanidade	- saber
CE20	Coñecemento da historia europea nunha perspectiva comparada	- saber
CE22	Coñecemento da historia universal	- saber
CT1	Capacidade de análise e síntese	- saber - saber facer
CT3	Capacidade de organización e planificación	- saber facer
CT7	Capacidade de razoamento crítico	- saber
CT11	Capacidade de aprendizaxe autónoma	- saber - saber facer
CT15	Sensibilidade cara temas ambientais.	- Saber estar / ser

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias
---------------------------	--------------

Coñecemento da estrutura diacrónica da Historia	CB1 CB3 CG2 CE12 CE14 CE16 CT7
Coñecemento dos procesos históricos, as súas causas, desenvolvemento e consecuencias	CB2 CB5 CG2 CE16 CE22 CT1 CT7 CT15
Conciencia crítica da relación entre os acontecementos e procesos actuais e o pasado.	CB3 CG2 CE12 CE14 CE16 CE20 CT7 CT11
Análise e valoración dos conceptos aprendidos a partir do uso de fontes históricas e das interpretacións historiográficas	CB5 CE16 CE20 CE22 CT1 CT3
Elaboración de traballos básicos e de iniciación	CB3 CB5 CE16 CE20 CE22 CT1 CT3 CT7

Contidos

Tema	
1. Bases estruturais	1.1. A demografía europea do Antigo Réxime. 1.2. Os sectores económicos da Europa do Antigo Réxime. 1.3. A sociedade europea do Antigo Réxime. 1.4. O pensamento económico na Europa Moderna.
2. Cultura e mentalidades	2.1. Humanismo e reformas relixiosas. 2.2. Cultura e ciencia do Barroco á Ilustración. 2.3. Cultura popular e mentalidades (ss. XVI-XVIII).
3. Política e relacións internacionais	3.1. O pensamento político moderno e as novas correntes. 3.2. As monarquías europeas e as relacións internacionais no século XVI. 3.3. A crise das monarquías absolutas e as relacións internacionais no século XVII. 3.4. O Despotismo ilustrado e os conflitos dinásticos do setecentos. Reacción e revolución.

Planificación docente

	Horas en clase	Horas fuera de clase	Horas totales
Actividades introdutorias	1	0	1
Sesión maxistral	24	30	54
Seminarios	4	16	20
Traballos tutelados	5	14	19
Traballos de aula	4	10	14
Eventos docentes e/ou divulgativos	2	0	2
Titoría en grupo	4	0	4
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	4	20	24

Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	6	8
Probas de autoavaliación	0	4

*Los datos que aparecen en la tabla de planificación son de carácter orientativo, considerando la heterogeneidad de alumnado

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Sesións orientadas a presentar o programa da materia, así como a tomar contacto e obter información das competencias, intereses e motivacións do alumnado co fin de articular a docencia para unha aprendizaxe máis eficaz.
Sesión maxistral	Exposición dos contidos da materia por parte do profesor e presentación das liñas básicas para o desenvolvemento de actividades relacionadas coa mesma.
Seminarios	Actividades enfocadas ao traballo intensivo sobre un tema ou serie de temas do programa que pode requirir a lectura e manexo de bibliografía, dar resposta a preguntas dirixidas, etc. orientados a fomentar o debate e a participación activa do alumnado.
Traballos tutelados	Elaboración e presentación de traballos feitos polos alumnos de forma individual ou en grupo.
Traballos de aula	Actividades encamiñadas á resolución de exercicios prácticos relacionados cos contidos da materia.
Eventos docentes e/ou divulgativos	Resérvanse dúas horas para a asistencia a actividades de temática transversal organizadas dende o Departamento de Historia, Arte e Xeografía e a Facultade de Historia.
Titoría en grupo	Seguimento e aclaración de dúbidas sobre os contidos da materia así como dos traballos e exercicios prácticos requiridos ós alumnos.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Seminarios	A atención personalizada vai consistir en resolver as dúbidas relacionadas coas lecturas de materiais bibliográficos e as súas preguntas guía que se van tratar nos seminarios. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: TODO O ALUMNADO: Curso virtual na plataforma de teledocencia Moodle (FaiTic, UVigo). ALUMNADO PRESENCIAL: Seguimento na aula. ALUMNADO NON PRESENCIAL: A través da aula habilitada para a materia en e-meeting (enlace FaiTic).
Traballos tutelados	A atención personalizada vai consistir en resolver as dúbidas que lle podan xurdir ó alumnado mentres leva a cabo a elaboración de ditos traballos tutelados. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: TODO O ALUMNADO: Curso virtual na plataforma de teledocencia Moodle (FaiTic, UVigo). ALUMNADO PRESENCIAL: Seguimento na aula. ALUMNADO NON PRESENCIAL: A través da aula habilitada para a materia en e-meeting (enlace FaiTic).
Traballos de aula	A atención personalizada vai consistir en resolver as dúbidas relacionadas coa lectura e análise dos diversos materiais que formarán parte dos exercicios prácticos. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: TODO O ALUMNADO: Curso virtual na plataforma de teledocencia Moodle (FaiTic, UVigo). ALUMNADO PRESENCIAL: Seguimento na aula. ALUMNADO NON PRESENCIAL: A través da aula habilitada para a materia en e-meeting (enlace FaiTic).
Titoría en grupo	A atención personalizada vai consistir en resolver as dúbidas sobre os contidos teóricos e as actividades prácticas da materia. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: TODO O ALUMNADO: Curso virtual na plataforma de teledocencia Moodle (FaiTic, UVigo). ALUMNADO PRESENCIAL: Seguimento na aula. ALUMNADO NON PRESENCIAL: A través da aula habilitada para a materia en e-meeting (enlace FaiTic).

Avaliación

	Descrición	Calificación	Competencias Evaluadas
Sesión maxistral	A avaliación farase mediante a realización de dúas probas escritas que incluírán: preguntas de resposta longa ou desenvolvemento, algunhas de resposta curta e unha proba práctica. Para superar a materia será preciso acadar en cada unha de ditas probas unha cualificación de 5 puntos. Os resultados da aprendizaxe que serán obxecto de avaliación neste apartado son: i. Coñecemento da estrutura diacrónica da Historia ii. Coñecemento dos procesos históricos, as súas causas, desenvolvemento e consecuencias iii. Conciencia crítica da relación entre os acontecementos e procesos actuais e o pasado	60	CB1 CG2 CE14 CE16 CE20 CE22 CT1 CT11 CT15

Seminarios	Presentación e análise crítica dos materiais traballados mediante a participación activa do alumno nos debates e discusións. Os resultados da aprendizaxe que serán obxecto de avaliación neste apartado son: i. Coñecemento dos procesos históricos, as súas causas, desenvolvemento e consecuencias	7.5	CB2 CB3 CE12 CE20 CE22 CT1 CT3 CT11
Traballos tutelados	Presentación e entrega, nas datas sinaladas e conforme os criterios establecidos, dos traballos requiridos. Os resultados da aprendizaxe que serán obxecto de avaliación neste apartado son: i. Análise e valoración dos conceptos aprendidos a partir do uso de fontes históricas e das interpretacións historiográficas ii. Elaboración de traballos básicos e de iniciación	15	CB3 CG2 CE14 CE16 CE20 CE22 CT1 CT3
Traballos de aula	Presentación e entrega, conforme os criterios establecidos, dos materiais elaborados nas sesións prácticas. Os resultados da aprendizaxe que serán obxecto de avaliación neste apartado son: i. Elaboración de traballos básicos e de iniciación	7.5	CB2 CB3 CT1 CT3 CT11
Probas de autoavaliación	Valoración do traballo autónomo do alumnado mediante a realización de cuestionarios sobre os contidos da materia a través de Moodle. Os resultados da aprendizaxe que serán obxecto de avaliación neste apartado son: i. Coñecemento dos procesos históricos, as súas causas, desenvolvemento e consecuencias	10	CB2 CB5 CE16 CE22 CT3 CT11

Otros comentarios y evaluación de Julio

Os/as estudantes que se acollan á modalidade semipresencial poderán seguir a materia do Curso Virtual na plataforma de teledocencia Moodle, da Universidade de Vigo, que permitirá o acceso aos materiais precisos para a adquisición das competencias e consecución dos resultados da aprendizaxe, tanto nos seus contidos teóricos como prácticos. Especificaranse as metodoloxías docentes, as actividades de avaliación, xunto co calendario de entrega (presencial ou remota) que quedará claramente establecido. As actividades que requiran presencialidade serán substituídas por outras que permitan acceder á mesma porcentaxe da nota. O seguimento individualizado da participación do alumno a través das TIC farase a partir das ferramentas propias da plataforma (participación, estatísticas de acceso, realización de probas ou exercicios e liña, etc.).

O estudante deberá cumprir os requisitos mínimos de presencialidade necesarios para a avaliación continua. Así mesmo deberá acudir ás probas que o/s docente/s dispoñan como imprescindibles.

Todos/as os/as alumnos/as matriculados/as na materia teñen dereito a realizar o examen final, no que serán avaliados/as dos contidos do programa (artigo 12 do Regulamento de Estudantes da Universidade de Vigo). Os/as alumnos/as que non se poidan acoller á modalidade presencial, serán avaliados dos contidos do programa da materia mediante unha proba escrita na que se incluírán preguntas teóricas ou de desenvolvemento relativas ós conceptos básicos da mesma, xunto cunha pregunta práctica, que suporá o 70% da súa cualificación final. O 30% restante será completado a través dun traballo obrigatorio sobre os contidos do programa da materia, a convir co docente, que os/as alumnos/as deberán entregar como data límite na fixada para a realización da mentada proba escrita.

Bibliografía. Fontes de información

BIBLIOGRAFÍA BÁSICA:

. Fontana, J. (ed), *Historia Universal Planeta*. vol. 6 a 10, Barcelona: Planeta, 1992-1994, [OUR 94"15/17" /735](#)

. Rivero Rodríguez, M., *Diplomacia y relaciones exteriores en la Edad Moderna, 1453-1794*, Madrid: Alianza, 2000. OUR 94"15/17" /86

. Rudé, G., *Europa en el siglo XVIII. La aristocracia y el desafío burgués*, Madrid: Alianza, 1978. Depósito: OUR 8799

Recomendacións

Asignaturas que se recomienda cursar simultáneamente

Historia: Metodoloxía da historia/O02G251V01401

Otros comentarios

Recoméndase cursar as materias Historia Moderna de España e Historia moderna de Galicia que se irán incorporando ó plano de estudos nos cursos vindeiros.

Ao longo do curso entregarase documentación detallada sobre o desenvolvemento das actividades. Esta información será ofrecida a través dos cursos Moodle da plataforma TEM@, polo que todos/as os/as alumnos/as deben estar dados de alta na plataforma e ter cubertos os seus datos de perfil.

DATOS IDENTIFICATIVOS**Historia contemporánea universal**

Asignatura	Historia contemporánea universal			
Código	O02G251V01403			
Titulación	Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuatrimestre
	6	OB	2	2c
Lengua Impartición	Castelán			
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	Juana López, Jesús de			
Profesorado	Juana López, Jesús de			
Correo-e	jjuana@uvigo.es			
Web	http://fatic.uvigo.es			
Descrición general	Coñecemento dos principais acontecementos e os procesos xerais de cambio e continuidade da Humanidade ao longo da Idade Contemporánea en perspectiva diacrónica, con especial atención á realidade europea sen renunciar ao estudo comparado doutras civilizacións e culturas.			

Competencias

Código		Tipoloxía
CB1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.	- saber
CG2	Comprender os procesos que se desenvolven en diversas escalas espazo-temporais e en diversos contextos socio-culturais	- saber
CE14	Coñecemento da estrutura diacrónica xeral do pasado	- saber
CE20	Coñecemento da historia europea nunha perspectiva comparada	- saber
CE22	Coñecemento da historia universal	- saber
CT1	Capacidade de análise e síntese	- saber
CT3	Capacidade de organización e planificación	- saber facer
CT4	Comunicación oral e escrita no idioma propio	- saber facer
CT8	Compromiso ético e responsabilidade social	- Saber estar / ser
CT11	Capacidade de aprendizaxe autónoma	- saber facer

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias
Coñecemento da estrutura diacrónica da Historia	CB1 CE14 CE22
Coñecemento dos procesos históricos, as súas causas, desenvolvemento e consecuencias	CG2 CT1
Coñecemento da Historia europea nunha perspectiva comparada	CE20
Elaboración de traballos básicos e de iniciación	CT1 CT3 CT4 CT8 CT11

Contidos

Tema

1. A era das revolucións. Capitalismo e imperialismo.	1.1. As transformacións económicas: formación do capitalismo 1.2. As transformacións políticas. O modelo liberal. 1.3. As transformacións sociais. Sociedade de clases e movemento obreiro 1.4. A expansión colonial e o imperialismo. 1.5. Os grandes Estados europeos no século XIX. China e Xapón.
2. As grandes tensións da primeira metade do século XX.	2.1. As relacións internacionais ata 1914. A Primeira Guerra Mundial 2.2. Socialismo, Democracia e Totalitarismo. 2.3. Economía e sociedade na etapa de entreguerras. 2.4. As grandes potencias europeas. O mundo extraeuropeo. 2.5. As relacións internacionais no período de entreguerras e a Segunda Guerra Mundial.

Planificación docente

	Horas en clase	Horas fuera de clase	Horas totales
Titoría en grupo	6	0	6
Traballos de aula	5	5	10
Traballos tutelados	10	20	30
Sesión maxistral	22	45	67
Eventos docentes e/ou divulgativos	2	0	2
Actividades introdutorias	1	0	1
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	3	22.5	25.5
Probas de resposta curta	1	7.5	8.5
Outras	0	0	0

*Los datos que aparecen en la tabla de planificación son de carácter orientativo, considerando la heterogeneidad de alumnado

Metodoloxía docente

	Descrición
Titoría en grupo	Sesións dirixidas ao seguimento e orientación sobre o estudo de contidos, a preparación das actividades e probas de avaliación e a realización dos traballos en grupo. Dentro deste apartado contemplase a "Atención Personalizada" para a docencia non presencial.
Traballos de aula	Actividades orientadas á resolución de exercicios prácticos na aula relacionados cos contidos introducidos nas sesións maxistrais que inclúan a resolución de comentarios e composicións de texto histórico, mapas históricos e análise e interpretación de materiais gráficos.
Traballos tutelados	Traballos realizados de xeito individual ou en grupo polo alumnado orientados ao achegamento aos instrumentos de recompilación de información e ás fontes propias da época contemporánea. Deberán estar asignados inexcusamente antes do remate do primeiro mes do cuadrimestre.
Sesión maxistral	Explicación dos contidos da materia polo profesor
Eventos docentes e/ou divulgativos	Asistencia a actividades de temática transversal organizadas dende o Departamento de Historia, Arte e Xeografía e a Facultade de Historia
Actividades introdutorias	Sesións orientadas a presentar a materia, tomar contacto co alumnado e reunir información sobre as súas competencias, motivacións e intereses.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Titoría en grupo	A atención personalizada consistirá na resolución de dúbidas sobre os contidos da materia, a metodoloxía utilizada para a realización dos exercicios e revisión das probas de avaliación escritas. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: TODO O ALUMNADO: Curso Virtual na plataforma de Teledocencia Moodle (FAITIC, uvigo). ALUMNADO PRESENCIAL: seguimento na aula. NON PRESENCIAL: Curso Virtual na plataforma de Teledocencia Moodle (FAITIC, uvigo).
Traballos de aula	A atención personalizada consistirá na resolución de dúbidas sobre os contidos da materia, a metodoloxía utilizada para a realización dos exercicios. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: ALUMNADO PRESENCIAL: seguimento na aula. NON PRESENCIAL: Curso Virtual na plataforma de Teledocencia Moodle (FAITIC, uvigo).
Traballos tutelados	A atención personalizada consistirá na resolución de dúbidas sobre os contidos da materia, seguimento do proceso de elaboración dos traballos. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: ALUMNADO PRESENCIAL: seguimento na aula. NON PRESENCIAL: Curso Virtual na plataforma de Teledocencia Moodle (FAITIC, uvigo).

Avaliación

Descripción	Calificación	Competencias Evaluadas
Traballos de aula Presentación e entrega, nas datas sinaladas e conforme aos parámetros indicados, dos exercicios prácticos indicados. Os resultados da aprendizaxe avaliados son: Coñecemento dos procesos históricos, as súas causas, desenvolvemento e consecuencias. Coñecemento da Historia europea nunha perspectiva comparada.	5	CG2 CE20 CT1
Traballos tutelados Presentación e entrega, na data sinalada dos traballos realizados de xeito individual ou en grupo polo alumnado. Valorarase o marco teórico, a estrutura e articulación do traballo, a reflexión crítica sobre as fontes e a presentación formal do mesmo. Avaliación continua do traballo autónomo do alumnado Os resultados da aprendizaxe avaliados son: Elaboración de traballos básicos e de iniciación	25	CT1 CT3 CT4 CT8 CT11
Sesión maxistral Valoraranse os coñecementos teóricos da materia, a estruturación de ideas e a precisión e claridade expositiva a través de dúas probas de avaliación correspondentes, cadansúa, a cada un dos dous grandes temas-bloque do programa e que incluírán tanto probas de resposta curta como longa ou de desenvolvemento e comentarios de textos, mapas e gráficas. Para superar a materia será preciso acadar, en ambas as dúas probas, unha cualificación de cando menos 5 puntos. Coñecemento da estrutura diacrónica da Historia Coñecemento dos procesos históricos, as súas causas, desenvolvemento e consecuencias, Coñecemento da Historia europea nunha perspectiva comparada.	60	CB1 CG2 CE14 CE20 CE22 CT1
Outras Avaliación continua do traballo autónomo do alumnado, a través da realización e presentación de tarefas establecidas nas sesións teóricas e prácticas, seminarios, titorías e outras actividades. Para o seu control é imprescindible que o alumnado estea dado de alta e teña cubertos os seus datos de perfil no curso virtual da materia (Moodle) antes de rematar a primeira quincena do cuadrimestre. Os resultados da aprendizaxe avaliados son: Coñecemento da estrutura diacrónica da Historia	10	CE14

Otros comentarios y evaluación de Julio

Os estudantes que se acollan á modalidade semipresencial poderán seguir a materia a través do Curso Virtual na plataforma de teledocencia Moodle, da Universidade de Vigo, que permitirá o acceso aos materiais precisos para a adquisición das competencias e consecución dos resultados da aprendizaxe, tanto nos seus contidos teóricos como prácticos.

Especificaranse as metodoloxías docentes, as actividades de avaliación, xunto co calendario de entrega (presencial ou remota) que quedará claramente establecido. As actividades que requiran presencialidade serán substituídas por outras que permitan acceder á mesma porcentaxe da nota. O seguimento individualizado da participación do alumno a través das TIC farase a partir das ferramentas propias da plataforma (participación, estatísticas de acceso, realización de probas ou exercicios en liña, etc.).

O estudante deberá cumprir os requisitos mínimos de presencialidade necesarios para a avaliación continua. Así mesmo deberá acudir ás probas que o/s docente/s dispoñan como imprescindibles.

Todos os estudantes matriculados na materia teñen dereito a realizar os exames finais (Artigo 12 do Regulamento de Estudantes da Universidade de Vigo). Aqueles alumnos que non poidan acollerse á avaliación continua examínanse de todo o programa da materia, o cal deberán preparar a partir da bibliografía básica sinalada. Asemade, deberán realizar obrigatoriamente un traballo práctico que implique o manexo dunha fonte histórica propia da materia, o cal será comunicado ao profesor responsable con anterioridade ao remate das sesións presenciais e entregado na data do exame final. Este último suporá o 70% da nota final e o traballo práctico o 30%.

Bibliografía. Fontes de información

BIBLIOGRAFÍA BÁSICA

BRIGGS, A. e CALVIN, P., Historia Contemporánea de Europa, 1789-1989, Barcelona, Crítica, 2004.

CASASSAS, J. (coord.), La construcción del presente. El mundo desde 1848 hasta nuestros días, Barcelona, Ariel, 2005.

GINER, S. Historia del pensamiento social, Barcelona, Ariel, 2008.

GRUPO GÁNDARA, Cadernos de Historia do Mundo Contemporáneo, Vigo, Ed. Xerais, 1994-97.

HOBBSAWM, E., Historia del Siglo XX. 1914-1991, Barcelona, Crítica, 2008.

JUANA, J. de e PRADA, J., Historia do Mundo Contemporáneo(1870-1945), Vigo, Ser. Pub. Universidade de Vigo, 2002.

MORALES LEZCANO, V. e de la TORRE GÓMEZ, H. (coords.), Historia Universal Contemporánea, Madrid, CEURA, 1997.

NERÉ, J. (dir), Historia Contemporánea, Barcelona. Labor, varias eds.

PALACIOS BAÑUELOS, J. L., Manual de Historia Contemporánea Universal, Madrid, Dilex, 2006, 2t.
PALMER, R. e COLTON, J., Historia Contemporánea, Madrid. Akal (varias eds.).
PAREDES, J., (Coord.), Historia Universal Contemporánea, Madrid, Ariel, 1999, 2 t.
VILLARES, R., e BAHAMONDE, A., El Mundo Contemporáneo. Siglos XIX-XX, Madrid, Taurus, 2001.

BIBLIOGRAFÍA ESPECÍFICA

Remítase aos manuais citados na bibliografía básica para a listaxe de bibliografía temática actualizada.

Recomendacións

Otros comentarios

Ao longo do curso entregarase documentación detallada sobre o desenvolvemento das actividades. Esta información será ofrecida a través dos cursos Moodle da plataforma TEM@, polo que todos os alumnos/as deben estar dados de alta na plataforma e ter cubertos os seus datos de perfil.

DATOS IDENTIFICATIVOS**Historia da arte medieval**

Asignatura	Historia da arte medieval			
Código	O02G251V01404			
Titulación	Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuatrimestre
	6	OB	2	2c
Lengua Impartición	Castelán			
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	Barriocanal López, María Yolanda Domínguez López, Ángel			
Profesorado	Barriocanal López, María Yolanda Domínguez López, Ángel			
Correo-e	barriocanal@uvigo.es adominguez@uvigo.es			
Web	http://faitic.uvigo.es			
Descrición general	Proporcionar ao estudante o coñecemento das principais manifestacións artísticas da Idade Media europea, iniciándose ao tempo nas diferentes correntes metodolóxicas para a súa comprensión e análise			

Competencias

Código		Tipoloxía
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.	- saber - saber facer
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.	- saber - saber facer
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.	- saber facer
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.	
CG2	Comprender os procesos que se desenvolven en diversas escalas espazo-temporais e en diversos contextos socio-culturais	- saber
CE24	Conciencia crítica das coordenadas espazo-temporais da Historia da Arte	- saber
CE25	Visión diacrónica xeneral da Historia da Arte Universal	- saber
CE28	Coñecemento das distintas metodoloxías da aproximación á Historia da Arte	- saber
CE29	Coñecemento sistemático e integrado do feito artístico: distintas linguaxes e técnicas da produción artística ao longo da historia	- saber
CE31	Coñecementos básicos de iconografía como clave para a interpretación de imaxes	- saber
CE32	Coñecemento práctico dos procesos básicos da metodoloxía científica en Historia da Arte	- saber facer
CT1	Capacidade de análise e síntese	- saber
CT2	Aplicación dos coñecementos	- saber facer
CT5	Capacidade de xestión da información e o coñecemento	- saber facer
CT7	Capacidade de razoamento crítico	- saber - saber facer

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias
Coñecemento da Historia da Arte Xeral como proceso complexo, aberto e discontinuo a partir da compartimentación do tempo histórico en diversos períodos.	CB3 CB5 CG2 CE24 CE25 CE29 CT1

Capacidade para recoñecer e reflexionar sobre as principais aportacións artísticas ao longo da historia.	CB2 CB3 CG2 CE24 CT7
Lectura da obra de arte da Idade Media como documento excepcional dos gustos estéticos e da mentalidade do pasado.	CB4 CG2 CE25 CE28 CT2 CT5
Capacidade para a interpretación da obra de arte nos diferentes períodos de estudo dende unha perspectiva metodolóxica múltiple.	CB2 CB4 CE31 CE32 CT2

Contidos

Tema	
1. O prerrománico	1.1. Arte paleocristián: frescos catacumbarios e imaxes en pedra. Arquitectura eclesial. 1.2. Arte bizantino en Constantinopla e Rávena. 1.3. Arte occidental na Europa das invasións
2. O Románico	2.1. O mosteiro medieval. Igrexas de peregrinación: arquetipo dun estilo. O templo románico. 2.2. A escultura románica. 2.3. A pintura románica
3. O Gótico	3.1. A arquitectura gótica nos séculos XII e XIII: cisterciense, cartuxana e mendicante. A Europa das catedrais. 3.2. A escultura gótica. 3.3. A pintura gótica: estilos.

Planificación docente

	Horas en clase	Horas fuera de clase	Horas totales
Actividades introductorias	1	0	1
Sesión maxistral	18	30	48
Saídas de estudo/prácticas de campo	5	10	15
Traballos tutelados	10	30	40
Eventos docentes e/ou divulgativos	2	0	2
Seminarios	4	0	4
Titoría en grupo	5	3	8
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	2	20	22
Traballos e proxectos	3	7	10
Outras	0	0	0

*Los datos que aparecen en la tabla de planificación son de carácter orientativo, considerando la heterogeneidad de alumnado

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introductorias	Sesións previas, orientadas á presentación do desenvolvemento da materia e de toma de contacto cos estudantes
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co emprego de medios audiovisuais, por parte do profesor, dos contidos teóricos da materia
Saídas de estudo/prácticas de campo	Actividades desenvolvidas nun contexto externo á contorna académica universitaria relacionadas co ámbito do estudio da materia (visitas a institucións museísticas, colección de arte, monumentos, etc.)
Traballos tutelados	Metodoloxía deseñada para promover o aprendizaxe autónomo dos estudantes, baixo a tutela do profesor, na realización de traballos individuais sobre aspectos vinculados ás manifestacións artísticas da Idade Media
Eventos docentes e/ou divulgativos	Asistencia a eventos docentes e/ou divulgativos programados
Seminarios	Sesións centradas en debates sobre temas patrimoniais de actualidade, relativos ós contidos da materia
Titoría en grupo	Asesoramento, seguimento e orientación no proceso de execución dos traballos tutelados a realizar polo estudante así como das probas de avaliación.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	A atención personalizada consistirá na orientación e resolución de dúbidas plantexadas na realización dos traballos. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: TODO O ALUMNADO: Curso Virtual na plataforma de teledocencia Moodle (FaiTic, UVigo). ALUMNADO PRESENCIAL: Seguimento na aula. ALUMNADO NON PRESENCIAL: Aula e-meeting (enlace FaiTic).
Titoría en grupo	A atención personalizada consistirá na resolución de dúbidas sobre os contidos da materia, a metodoloxía utilizada para a realización dos exercicios e revisión das probas de avaliación escritas. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: TODO O ALUMNADO: Curso Virtual na plataforma de teledocencia Moodle (FaiTic, UVigo). ALUMNADO PRESENCIAL: Seguimento na aula. ALUMNADO NON PRESENCIAL: aula e-meeting (enlace FaiTic)

Avaliación

	Descrición	Calificación	Competencias Evaluadas
Traballos tutelados	Os traballos tutelados serán avaliados unha vez expostos na aula, e entregados na Plataforma Moodle. Con elo dará conta dos seguintes resultados de aprendizaxe: Interpretación das obras de arte no período de estudo desde unha perspectiva metodolóxica múltiple.	20	CB2 CB4 CE31 CE32 CT2
Sesión maxistral	A sesión maxistral será avaliada mediante unha proba escrita de resposta longa. Para superar a materia, é necesario acadar nesta proba unha cualificación mínima de 3 puntos (sobre os 6 do total). Con elo o alumno dará conta dos seguintes resultados de aprendizaxe: Coñecer as manifestacións artísticas medievais como resultado dun complexo proceso.	60	CB3 CB5 CG2 CE24 CE25 CE29 CT1
Seminarios	Os seminarios sobre aspectos patrimoniais relativos á materia serán avaliados tendo en conta a intervención do alumno nos debates e a entrega duna memoria da actividade a través da plataforma Moodle. Con elo dará conta dos seguintes resultados de aprendizaxe: Facer a lectura das obras de arte como documento excepcional do pasado.	10	CB4 CG2 CE25 CE28 CT2 CT5
Outras	En todas as actividades e probas que conforman a programación valorarase a asistencia e participación do alumnado en foros, debates, etc. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Aplicar os coñecementos e demostrar por medio da elaboración e defensa de argumentos a resolución de problemas	10	CB2 CB3 CB4 CB5

Otros comentarios y evaluación de Julio

Os estudantes que se acollan á modalidade semipresencial poderán seguir a materia a través do Curso Virtual na plataforma de teledocencia Moodle, da Universidade de Vigo, que permitirán acceso aos materiais precisos para adquisición das competencias e consecución dos resultados da aprendizaxe, tanto nos seus contidos teóricos como prácticos. Se especificarán as metodoloxías docentes, as actividades de avaliación, xunto co calendario de entrega (presencial ou remota) que quedará claramente establecido. As actividades que requiran presencialidade serán substituídas por outras que permitan poder acceder ao mesmo porcentaxe da nota. O seguimento individualizado da participación do alumno a través da TIC será feito a partir das ferramentas propias da plataforma (participación, estadísticas de acceso, realización de probas ou exercicios en liña, etc..).

O estudante deberá cumprir os requisitos mínimos de presencialidade, asistindo ás titorías, que serán fixadas nun horario compatible coa súa actividade, para resolver as dúbidas xurdidas no transcurso da avaliación continua. Asimesmo deberá acudir ás probas que o docente considere imprescindibles.

Todos os estudantes matriculados na materia teñen dereito a realizar exames finais (Artigo 12 do Regulamento de Estudantes da Universidade de Vigo). Aqueles alumnos que non poidan acollerse á modalidade presencial serán avaliados dos contidos do programa da materia mediante unha proba escrita, que suporá o 70% da nota final, e un traballo obrigatorio,

que representará un 30% desta. Todos os estudantes matriculados na materia teñen dereito a ser avaliados mediante un exame final (Artigo 12 do Regulamento de Estudantes da Universidade de Vigo).

Bibliografía. Fontes de información

BARRAL E ALTET, X, La Alta Edad Media. De la antigüedad al año 1000, tASCHEN, 1998

BECKWITH, J, El arte de la Alta Edad Media: carolingio, otónico, románico, Destino, 1995

BECKWITH, J., Arte paleocristiano y bizantino, Cátedra, 1997

BRUYNE, E. , La estética de la Edad Media, Visor, 1994

DUBY, G. , La época de las catedrales, Cátedra, 1997

ETTINGHAUSEN, R. , Arte y arquitectura del Islam, 650-1250, Cátedra, 2005

JANSON, H. W., El arte de la Edad Media, Alianza, 1990

RAMIREZ, J. R., La Edad Media, Alianza, 1997

SCHLOSSER, J., El arte de la Edad Media, Gustavo Gili, 1981

WILIANSON, P., Escultura gótica. 1140-1330, Cátedra, 2010

YARZA, J., Baja Edad Media: los siglos del gótico, Sílex, 1992

Recomendacións

Otros comentarios

Ao longo do curso entregarase documentación detallada sobre o desenvolvemento das actividades. Esta información será ofrecida a través dos cursos Moodle da plataforma TEM@, polo que todos os alumnos/as deben estar dados de alta na plataforma e ter cubertos os seus datos de perfil.

DATOS IDENTIFICATIVOS**Arqueología aplicada**

Asignatura	Arqueología aplicada			
Código	O02G251V01405			
Titulación	Grado en Geografía e Historia			
Descriptores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuatrimestre
	6	OB	2	2c
Lengua	Castellano			
Impartición	Gallego			
Departamento	Historia, arte y geografía			
Coordinador/a	Pérez Losada, Fermín Emiliano			
Profesorado	Pérez Losada, Fermín Emiliano Valle Abad, Patricia			
Correo-e	fermin@uvigo.es			
Web	http://fatic.uvigo.es			
Descripción general	Estudio de la cultura material europea desde la Protohistoria hasta la Antigüedad Tardía, con especial atención al periodo clásico y al ámbito geográfico de la Península Ibérica.			

Competencias

Código		Tipología
CB1	Que los estudiantes hayan demostrado poseer y comprender conocimientos en un área de estudio que parte de la base de la educación secundaria general, y se suele encontrar a un nivel que, si bien se apoya en libros de texto avanzados, incluye también algunos aspectos que implican conocimientos procedentes de la vanguardia de su campo de estudio.	- saber
